



BOP

MÉRCORES, 10 DE NOVIEMBRE DE 2021 N.º 258

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

CONCELLOS

BÓVEDA

Anuncio

EDICTO DE NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE LIQUIDACIONES E ANUNCIO DE COBRANZA

Padrón Tributario da taxa pola prestación do servizo de abastecemento de auga, rede de sumidoiros, recollida de lixo e canon da auga do 2º trimestre do exercicio 2021.

Por Resolución da Alcaldía, n.º: 2021-0533, de data 29 de outubro de 2021, aprobouse o Padrón Tributario da taxa pola prestación do servizo de abastecemento de auga, rede de sumidoiros, recollida de lixo e canon da auga, correspondente ao 2º trimestre do exercicio 2021, así como a apertura dun período de información pública por prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen oportunas, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formula ningunha reclamación contra o mesmo.

O prazo de cobro en período voluntario será de un mes: Dende o 3 de novembro ao 3 de decembro de 2021.

Contra o acto de aprobación do padrón e das liquidacións incorporadas ao mesmo e notificadas colectivamente mediante o presente anuncio, os interesados poderán interpoñer, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da finalización do período de exposición ao público do padrón de contribuíntes, recurso previo de reposición ante a Alcaldía-Presidencia, de acordo con canto establece o artigo 14 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. Trascorrido o período de pago en voluntaria as débedas co Concello serán esixidas polo procedemento de constrinximento co correspondente recargo de mora e costas que se produzan, no seu caso.

A falta de pagamento do Canon da Auga da Xunta no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao aveiro do establecido nos artigos 102 da Lei Xeral Tributaria e 23 e 24 do RD 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Bóveda, 29 de outubro de 2021.-O Alcalde, José Manuel Arias López.

R. 3174

Anuncio

Expediente: 640/2021

Procedemento: Aprobación do Padrón fiscal da Taxa pola entrada de vehículos a través das beirarrúas e as reservas de vía pública para aparcamento exclusivo, carga e descarga de mercancías de calquera clase, correspondente ao exercicio 2021.

EDICTO DE NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE LIQUIDACIONES E ANUNCIO DE COBRANZA DA TAXA POLA ENTRADA DE VEHÍCULOS A TRAVÉS DAS BEIRARRÚAS E AS RESERVAS DE VÍA PÚBLICA PARA APARCAMENTO EXCLUSIVO, CARGA E DESCARGA DE MERCANCÍAS DE CALQUERA CLASE, CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2021.

De conformidade co artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro Xeral Tributaria, aprobouse mediante Resolución de Alcaldía de data, n.º: 2021-0528, de data 27 de outubro de 2021 o Padrón Fiscal correspondente á Taxa pola entrada de vehículos a través das beirarrúas e as reservas de vía pública para aparcamento exclusivo, carga e descarga de mercancías de calquera clase, correspondente ao exercicio 2021, que queda exposto na Sede electrónica e no Taboleiro de Anuncios do Concello, sito na Avda. Alfonso XIII n.º: 85 de Bóveda, durante o prazo

de quince días, conforme ao artigo 82.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a contar desde o seguinte á publicación do presente Edicto no Boletín Oficial da Provincia.

Durante o citado período de exposición pública, as persoas lexitimadas poderán examinar o expediente e presentar alegacións ao padrón mencionado.

a) Prazos de ingreso:

O prazo de ingreso do padrón debe realizarse no prazo de dous meses contados a partires do día seguinte ao da publicación do Edicto de exposición pública e notificación colectiva no Boletín Oficial da provincia de Lugo.

b) Modalidade de cobro:

O pagamento poderá realizarse a través das seguintes modalidades:

- Ingresando na Conta, de A BANCA, nº ES78-2080-0159-8631-1000-0018, da que é titular este Concello, na forma e prazos previstos no artigo 62 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, pola que se aproba a Lei Xeral Tributaria (BOE 18 decembro 2003, núm. 302, [páx. 44987]), facendo constar o número: **640/2021** e o concepto **VADO 2021**.

- Domiciliación bancaria efectuada ao efecto.

c) Período executivo:

Advírtese que, transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario sen que se efectuou o pago, as débedas esixiranse polo procedemento de prema prevista nos artigos 163 e ss da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria e nos artigos 70 e ss do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación -RGR-, devengándose as recargas correspondentes así como os intereses de demora.

d) Recursos:

Contra o acto de aprobación do padrón, os interesados só poderá interpor o recurso de reposición ao que se refire o artigo 14 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes contado desde o día seguinte á publicación da presente resolución. Contra a resolución expresa do recurso de reposición poderase interpor recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo que por quenda de repartición correspóndalle, no prazo de dous meses contados da notificación. Transcorrido un mes desde a interposición do recurso de reposición sen que recaese resolución expresa do mesmo, entenderase desestimado e poderase interpor recurso contencioso-administrativo no prazo de seis meses. Todo iso sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro recurso ou acción que estime conveniente ao seu dereito.

Bóveda, 29 de outubro de 2021.-O Alcalde, José Manuel Arias López.

R. 3175

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

APROBACION PADRÓNS TAXA POLO ABASTACIMIENTO DE AUGA, TAXA REDE DE SUMIDOIROS e canon auga setembro-outubro 2021 E ANUNCIO DE COBRANZA

Por acordo da Xunta de Goberno Local do día 25.10.2021 e rectificado por Resolución de Alcaldía de 28.10.2021 aprobáronse os padróns da Taxa polo abastecemento de auga, a Taxa de rede sumidoiros e Canon de auga do quinto bimestre 2021 (SETEMBRO-OUTUBRO).

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Lei xeral tributaria, notifícanse colectivamente os recibos derivados destes padróns.

De conformidade coa Ordenanza xeral de ingresos municipais de dereito público, exporase ao público nun prazo de 20 días, a contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria destes padróns, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas Locais, contra o acordo de aprobación dos padróns da Taxa polo abastecemento de auga e Taxa pola Rede sumidoiros e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública do padrón.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso -administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co artigo 49.7 do Decreto 136/2012 de 31 de maio, polo que se aproba o Regulamento do canon da auga e do coeficiente de vertedura a sistemas públicos de depuración de augas residuais a repercusión do canon

da auga poderá ser obxecto de reclamación económico -administrativa ante o órgano económico- administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende se entenda producida a notificación.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei xeral tributaria e o artigo 13 da Ordenanza Xeral de Xestión de Ingresos Municipais de Dereito Público fíxase como prazo de pago en período voluntario, dende o día 02.11.2021 ata o 03.01.2022.

De acordo co artigo 24 do Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación, ponse en coñecemento, que no período de pago en voluntario sinalado no parágrafo anterior, os contribuíntes que non teñan domiciliados os recibos poderán facer o pago dos mesmos mediante :

- 1) Ingreso en efectivo en calquera oficina de A Banca en horario de atención ao público.
- 2) A través de caixeiros automáticos da devandita entidade financeira.
- 3) A través da páxina web *www.aqualia.es*.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse os correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan.

A falta de pagamento en período voluntario do canon suporá a esixencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

Monforte de Lemos, 29 de outubro de 2021.-O alcalde, José Tomé Roca.

R. 3176

PALAS DE REI

Anuncio

EDICTO DE NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE LIQUIDACIÓNS E ANUNCIO DE COBRANZA

Unha vez aprobados definitivamente por resolución desta Alcaldía nº 2021-0587, ditada o 29 de outubro de 2021, os padróns e listas cobratorias dos tributos locais Taxa pola prestación do servizo de saneamento e abastecemento de auga, recollida de lixo e canon da auga, referidos ao exercicio de 3º Trimestre do 2021, expóñense ao público no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro municipal de edictos, por un prazo de quince días hábiles a contar dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio, co fin de que aqueles que se consideren interesados poidan formular todas as observacións, alegacións ou reclamacións que teñan por convenientes.

Contra o acto de aprobación dos devanditos padróns e/ou liquidacións contidas neles poderase interpor un recurso previo de reposición ante a Alcaldía-Presidencia no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da finalización da exposición pública, de acordo co establecido no artigo 14 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo. Polo que respecta ao canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia tamén no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación consonte co disposto no artigo 49,7 do Decreto 136/2012 polo que se aproba o regulamento do canon da auga e do coeficiente de vertido a sistemas públicos de depuración de augas residuais.

Conforme o establecido no artigo 62.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, ponse en coñecemento dos contribuíntes que se procederá ao cobramento en período voluntario do imposto do día 1 ao 30 de novembro. O pagamentos farase efectivo nas entidades financeiras colaboradoras. Os recibos correspondentes a esta cobranza que figuren correctamente domiciliados enviaranse ás respectivas entidades de depósito para que sexan adebedados nas contas dos seus clientes.

Unha vez transcorrido o prazo de ingreso voluntario sen que se satisfaga a débeda, iniciarase o período executivo, de acordo co teor dos artigos 26, 28 e 161 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, o que determinará a esixencia dos xuros de mora, así como a das recargas que correspondan e, se é o caso, das custas do procedemento de constrinximento. Polo que respecta ao canon da auga a vía de constrinximento será realizada pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

Palas de Rei, 29 de outubro de 2021.- O alcalde, Pablo José Taboada Camoira.

R. 3177

RIBADEO*Anuncio***APROBACION DEFINITIVA PROXECTO DE EXPROPIACIÓN**

O Pleno municipal, en sesión Extraordinaria Urxente, celebrada o día **13 de agosto de 2021** adoptou entre outros o acordo de aprobación definitiva do proxecto de expropiación forzosa Expediente número 2619/2021 relativo ao Proxecto expropiatorio para Aparcadoiro en Augas Santas.

O acordo de aprobación definitiva do expediente, conlevo a declaración de urxencia, polo Consello da Xunta, da ocupación dos bens e dereitos afectados mediante o *DECRETO 145/2021, do 14 de outubro, para a realización das obras do proxecto denominado Aparcadoiro de Augas Santas publicado o 28 de outubro de 2021 no DOG número 208.*

Ribadeo, 2 de novembro de 2021.-O alcalde, Fernando Suárez Barcia.

R. 3178

*Anuncio***ACTA DE OCUPACION PREVIA DE TERREOS**

O Pleno municipal, en sesión Extraordinaria Urxente, celebrada o día 13 de agosto de 2021 adoptou entre outros o acordo de aprobación definitiva do proxecto de expropiación forzosa Expediente número 2619/2021 relativo ao Proxecto expropiatorio para Aparcadoiro en Augas Santas.

Decarada a urxente ocupación, polo Consello da Xunta, da ocupación dos bens e dereitos afectados mediante o *DECRETO 145/2021, do 14 de outubro, para a realización das obras do proxecto denominado Aparcadoiro de Augas Santas publicado o 28 de outubro de 2021 no DOG número 208.*

De conformidade co artigo 52 da Lei 16 de decembro de 1954 sobre Expropiación Forzosa, emprázase aos afectados para que compareza no propio terreo a expropiar, o día 23 de novembro ás 12:00 horas, ao obxecto de realizar o levantamento da Acta previa á ocupación das parcelas.

No día e hora anunciados constituirase o representante da Administración, Alcalde, acompañado do Arquitecto Municipal, e reunidos@s propietarios@s e demais interesados que concorran, levantarán unha acta, na que describirán o ben ou dereito expropiable e faranse constar todas as manifestacións e datos que acheguen uns e outros e que sexan útiles para determinar os dereitos afectados, os seus titulares, o valor daqueles e os prexuízos determinantes da rápida ocupación.

Documentación que deberan aportar no día e data mencionado:

- * DNI/CIF do titular da finca
- * Título acreditativo de ser titular da finca

Ribadeo, 8 de novembro de 2021.- O ALCALDE, FERNANDO SUÁREZ BARCIA.

R. 3197

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO**CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, O.A. COMISARÍA DE AUGAS***Anuncio***INFORMACIÓN PÚBLICA DE CONCESIONES OTORGADAS.**

EXP A/27/21939, A/27/22428, A/27/22746, A/27/22731

De acordo con lo previsto en el artículo 116 del Reglamento de Dominio Público Hidráulico aprobado por Real Decreto 849/1986 de 11 de abril (B.O.E. del día 30) y sus posteriores modificaciones, se hace público para general conocimiento que, como resultado de los expedientes incoados al efecto, por resolución de la Confederación Hidrográfica del Cantábrico han sido otorgadas las siguientes concesiones para aprovechamiento de agua:

Expediente	Titular	Concesión otorgada	Fecha resolución
A/27/21939	Comunidade de Usuarios de Filloval	Aprovechamiento de agua de los manantiales das Chas (2) sito en el Monte das Chas, T. M. de As Nogais (Lugo), con destino a uso doméstico y ganadero.	10/09/2021
A/27/22428	José Rodríguez Álvarez	Expediente de aprovechamiento de aguas de un manantial En Rebolín, T. M. de A Fonsagrada (Lugo), con destino a usos ganaderos.	10/09/2021
A/27/22746	Isabel Fernández Toimil	Expediente de aprovechamiento de agua del manantial Fonte do Chouso das Pedraqueiras, en Ouviaña (Baos), T.M. de Ribeira de Piquín, con destino a uso doméstico sin consumo humano y riego.	10/09/2021
A/27/22731	Ángel González Quiroga	Expediente de aprovechamiento de agua de los manantiales Lameira da Fontela y Espiñeiro en Villar de Mouros (San Pedro de Cervantes), T.M. de Cervantes (Lugo), con destino a riego.	14/09/2021

Oviedo, 28 de octubre de 2021.- El Responsable del Área Concesional, David Pérez Méndez-Castrillón

R. 3179